



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS DE APERTURA DE ESTA- BLECIMENTOS.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servicios ou a realización de actividades administrativas de competencia local por "outorgamento das licencias de apertura de establecimentos", que se rexerá pola presente ordenanza, atendendo as súas normas ó prevido no artigo 58, en relación co artigo 20.4.i), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, de acordo coa modifi-

cación establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a unificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como orzamento necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licencia de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de servicios das corporacións locais.

2. Para tal efecto terá a consideración de apertura:

a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

a) Se dedique ó exercicio dalgúnha actividade empresarial fabril, artesá, da construcción, comercial e de servicios que estea suxeita ó imposto de actividades económicas.

b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para estas ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudios.

Artigo 3º.- Suxento pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, de se-lo caso, se desenvolve en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refieren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance

que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Base imponible.

Constitúe a base imponible da taxa a renda anual que corresponda ó establecemento, do que a determinación farase observando as seguintes regras:

1. Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicar lo tipo de interese básico do Banco de España ó valor catastral que o dito establecemento teña sinalado no imposto de bens inmobles.

2. Nos demais casos, a renda anual será a que satisfaga cada establecemento, por razón do contrato de arrendo, subarrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas á renda, de se-lo caso.

Se no contrato apareceran pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomarse como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licencia.

Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar la regra 1 anterior, tomarse como base imponible esta última.

3. Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación deste, espacios destinados a vivenda e a establecemento suxeito á taxa, a base deste último será a que, proporcionalmente á súa superficie, lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute ó dito local.

4. Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie en que se ampliou o local, calculada conforme ó previsto nas regras anteriores.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

A cota tributaria aboarase por unha soa vez e será, para os establecementos que se detallan, a seguinte:

- Pequenos establecementos, tendas de artigos polo miúdo e similares; 15.000 pta.

- Edificios, locais, recintos e outros destinados a espectáculo ou recreo público; 20.000 pta.

- Establecementos de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas; 25.000 pta.

- Actividades que polas súas especiais características requiriran estudio de impacto medio ambiental; 100.000 pta.

- Cando se trate de axencias, sucursais, delegacións de empresas non radicadas na localidade; 50.000 pta.

- Cando se trate de bancos e caixas de aforro; 100.000 pta.

- Cambios de titularidade ou reapertura ou calquera outro suposto de tramitación equivalente; 10.000 pta.

Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da taxa.

Artigo 8º.- Obriga de contribuir.

1. Apícase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponibile. A estes efectos entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando a apertura xa tivo lugar sen obte-la oportuna licencia, a taxa aplicárase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicóns esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruirse para autoriza-la apertura do establecemento ou decretalo seu pechamento, sé non fora autorizable a dita apertura.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, en ningún modo, pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicóns do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licencia.

Artigo 9º.- Declaración.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no rexistro xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades para desenvolver no local, acompañada do contrato de aluguer ou título de adquisición do local, indicando neste último caso, se o local non tivera asignado valor catastral, o prezo de adquisición ou o custo de construcción deste, de se-lo caso.

2.- Se despois de formulada a solicitude de licencia de apertura se variase ou ampliase a actividade para desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicóns proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de pórse en coñecemento da administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

Artigo 10º.- Liquidación e ingreso.

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez dictada a resolución municipal que proceda sobre a licencia de apertura practicarase a liquidación correspondente pola taxa, que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

2. Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou concesionario do establecemento, e o local non teña sinalado valor catastral, practicarase unha liquidación provisional tomando como base imponible o valor de adquisición ou, de se-lo caso, o custo de construcción do referido local.

Unha vez fixado o valor catastral practicarase a liquidación definitiva que pro-

ceda, deducíndose da súa cota a liquidada en provisional, ingresándose a diferencia nas arcas municipais ou devolvéndose de oficio, se así procedese, ó interesado o exceso ingresado por consecuencia da liquidación provisional.

Artigo 11.- Infraccóns e sancóns.

En todo o relativo á cualificación de infraccóns tributarias, así como das sancóns que a estas correspondan en cada caso, haberá que atreverse ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 20 de novembro de 1998, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O ALCALDE.- A SECRETARIA.